



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto conmemorativo do aniversario da posta en funcionamento das escolas infantís *Cativos*

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2013

Queridos nenos e nenas,
Queridos pais e nais,
Queridos director e directora, coidadores e coidadoras das
escolas infantís *Cativos*

Hoxe é un día de festa, pois celebramos un aniversario. Os nenos ben saben o que é facer anos, pois para eles é día de agasallos, de apagar candeas, de cancións...

Esta é unha festa na que celebramos os vinte anos dunha idea, dun proxecto que naceu dunha ilusión e dun esforzo. Que foi medrando coma calquera cativo dos que hoxe temos aquí, pero foi un medrar silandeiro, con esforzo, exitoso e que transitou polo camiño adecuado.

Cando en 1989 se aproba a Convención sobre os dereitos da infancia dise no preámbulo que o neno, para o pleno desenvolvemento da súa personalidade, debe medrar no seo dunha familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión.

A sociedade moito mudou dende aquela. E un dos cambios mais salientables foi a incorporación da muller á vida laboral. Unha sociedade que prescinde da contribución feminina á vida pública é unha sociedade amputada, imperfecta, non plena.

A muller deixa, pois, o ámbito exclusivamente privado para arrequentar o ámbito público. Nese ámbito privado, como sociedade responsable, todos, TODOS, temos que introducir os trebellos axeitados para levar a cabo a conciliación da vida



persoal, familiar e laboral dos pais e das nais. Cando falo de totalidade estoume a referir á responsabilidade das administracións públicas e á colaboración da empresa privada. E *Cativos* é un exemplo de responsabilidade privada no eido da colaboración.

Volvendo á Convención, nos artigos 27 e 28 fálase da educación dos nenos e do seu desenvolvemento “físico, moral e social” e do seu dereito á educación.

Nesta sociedade que tanto mudou, para ben de todos nós e sobre todo das nenas e dos nenos, hai que ter moi en conta o novo concepto de atención á infancia. Pasamos dun concepto asistencial, onde se “gardaban” os nenos mentres a familia non podía atendelos, a un concepto educativo, onde as nenas e os nenos son educados, ilustrados e aprendidos en campos que ata hai pouco ninguén coñecía. E hoxe falamos de novos conceptos educativos como valores, música, xogo, linguas, expresividade e psicomotricidade.

Os descubrimentos, tanto no campo médico coma no pedagóxico e psicolóxico, axudaron a cambiar ou modificaron a concepción respecto ao que se tiña feito, ata hai ben pouco tempo, en relación coa asistencia aos nenos.

Todos coñecemos os estudos do Dr. Hubert Montagner, profesor da Universidade de Burdeos, sobre as competencias *zócolo*, isto é, as competencias básicas nas que se alicerzan *TODAS AS DEMAIS*. Pois ben, esas competencias desenvólvense desde os cero aos tres anos, no tempo en que as nenas e os nenos están na escola infantil. Sen ese zócolo ben construído mal se pode asentarse enriba del todo o que o neno vai aprendendo ao longo da súa vida.

Polo meu convencemento da importancia das escolas infantís, tanto na miña etapa de conselleira coma hoxe, quero compartir convosco esta conmemoración e desexar una longa



andaina de éxitos no camiño iniciado por *Cativos* hai xa vinte anos.